



**Suso
de Toro**

1

Foto: EFE

O compromiso social do mellor ciruxián

Por X. M. Eyré (ferradura.blog, 2020)

Velaquí unha nova novela de Suso de Toro, unha novela consistente, unha novela de peso, unha novela que computa 530 páxinas (incluído “Preludio”). Unha novela de non ficción, unha novela de non ficción non só no sentido de que a finalidade é rescatar da nebulosa do tempo pasado a figura de don Ramón Baltar, un moi ilustre cirurxán (chegou a ser presidente da Sociedade Española de Cirurxía) por canto no ámbito da cirurxía foi un reputado e moi recoñecido profesional tanto a nivel galego como estatal. E é tamén unha novela de non ficción no sentido que incorpora a voz do propio autor, de xeito que mesmo se pode dicir que é como unha mestura entre unha novela documental e unha novela lírica, incluíndo nese lirismo (e o lirismo é non ficción) as vicisitudes polas que vai pasando o discurso mentres este vai sendo escrito, con reflexión metaliterarias incluídas. Esta inclusión da voz autorial ten unha dupla repercusión no discurso. Por unha banda sérvelle ao autor para comentar partes da biografía de don Ramón que non parecen moi claras, é unha maneira de encher certos silencios que se van presentando na vida do ilustre cirurxán, e tamén é unha maneira de comentar para tratar de entender por parte de Suso de Toro mellor algunhas pasaxes da vida do cirurxán (e tamén da vida en xeral). E, por outra banda, iso ten unha repercusión no ritmo expositivo da biografía de don Ramón Baltar; é dicir, inflúe na administración da información a que vai accedendo quen le. En moitos casos, esa voz autorial resulta útil, non só porque axuda a encher silencios senón tamén porque dá entrada a reflexións autorais



Tertulias literarias

que, se son necesarias para a voz autorial tamén resultan proveitosas para que quen le obteña unha meirande dimensión da figura homenaxeada na novela e do proceso de escrita desta. Porén, o que primeiro vai notar quen le, é que no comezo esa voz autorial fai que o ritmo expositivo sexa lento, entre outras cousas porque canto máis lonxe pescudamos no tempo máis lagoas e nebulosas atopamos, como é lóxico.



Tamén hai que dicir que Suso de Toro rescata do esquezo con que o tempo vai pesando a vida dun home, dun cirurxán, que tivo unha notábel influencia na vida compostelá en boa parte do século XX xa que sempre se preocupou moito porque os máis desfavorecidos puideran ter ao seu alcance unha medicina de calidade. Pertencendo el a unha familia de clase acomodada, unha familia burguesa, sempre foi consciente das necesidades médicas dos economicamente e socialmente menos afortunados. E tamén porque, desde unha discreción moi notábel e notoria, sempre observou un comportamento político comprometido, mesmo moi comprometido, chegando a realizar operacións no seu sanatorio

compostelán a guerrilleiros antifranquistas (Foulecellas, por sinal), fuxidos e persoas desafectas. Calquera outro singulaizaría socialmente a súa posición, a súa loita antifranquista, sobre todo despois da morte de Franco, xa sen perigo, mais el optou sempre por ficar “fóra de plano”, como se di na novela. Era máis importante facer as cousas que quen as facía, unha postura, unha modestia que o honra. Malia ser perseguido por desafecto á causa, era tan bo cirurxán que a Franco non lle quedou outra que condecoralo, non vou contar agora a “anécdota” a que deu lugar, só direi que pouco máis tarde don Ramón Baltar publicou un esmagador informe sobre a situación da sanidade española.

Sendo a vida de Ramón Baltar o obxectivo central da novela, é lóxico pensar que tamén o seu pai (de quen herda oficio), mesmo o seu avó, os seus fillos, e calquera que poida botar luz sobre vida de tan ilustre personaxe (desde a súa dona, á súa nai, pasando por enfermos que el operou, ou outros rianxeiros da época, como Rafael Dieste e, sobre todo o seu irmán...) ten cabida no discurso de Suso de Toro, algunhas veces non é moita información a que achegan mais permiten reflexións sobre vida do homenaxeado que si lle son útiles ao autor.




Tertulias literarias

Como xa dixen de inicio, nunha novela reivindicativa da figura de don Ramón Baltar (ou outro calquera) cómpre preguntarse até que punto o protagonismo da voz autorial é pertinente, acertado. E a resposta só se pode ofrecer tendo en conta o anteriormente indicado. Alén diso, o título non transmite o moi salientábel compromiso social do doutor Baltar, aínda que resulte lóxico tendo en conta que foi un home que sempre quixo estar “fóra de plano” (outra volta recuperamos a expresión da novela) e sempre refugou o protagonismo do seu compromiso social.

E quero aínda salientar o traballo de depuración lingüística que Suso de Toro levou a cabo, non é que quen le vaia atopar solucións lingüísticas novidosas en grande cantidade, mais con moitas concordo plenamente, como o uso da palabra “romance” en lugar do seguidismo castelán “novela”. 3

Eis, en definitiva, unha novela necesaria e imprescindible, ao rescatar do pozo do esquezo unha persoa moi notábel tanto no seu compromiso social como no seu labor profesional, ese cirurxán extraordinariamente competente; e aínda así unha personaxe moi descoñecida para a maioría da xente. Unha homenaxe moi merecida, que tamén é unha restitución imprescindible.

<https://ferradura.blog/2020/12/29/critica-de-un-senor-elegante-de-suso-de-toro-en-xerais/>



“Un señor elegante” de Suso de Toro

Crítica de Ramón Nicolás (cadernodacritica.wordpress.com)

Entusiasmoume *Un señor elegante*, a última novela de Suso de Toro. As razóns son variadas e talvez nin sequera caiban nunha recensión ao uso pois teño para min que é esta unha das grandes novelas do autor compostelán na súa dilatada traxectoria creativa.

Abéirase aquí, así pois, á denominada non ficción para construír un fresco pasmoso por intenso doutra historia do noso pasado -esa parte disidente da memoria antifranquista que nos chegou de maneira moi bretemosa ou, digámolo claramente, que non nos chegou- a través tamén da reconstrución de tres xeracións da familia Baltar.

O desafío ao que se enfrontou o autor tiña -non é difícil conxecturalo- unhas dimensións realmente oceánicas pois afondar no deseño das vidas dos compoñentes dunha xinea familiar e contárnolo non é tarefa doada, menos aínda cando falamos de persoas que entran e saen, con naturalidade, nalgúns dos principais acontecementos históricos e culturais do noso pasado e cando ademais se abre “un faiado da familia fechado con chave”. E malia esa vontade de aplicar unha visión global é a figura do cirurxián Ramón Baltar -“ese disidente que molesta”- a que se apropia aos poucos das case seiscentas páxinas, onde non teñen menor importancia o seu pai, Ángel Baltar, ou o seu irmán, Antonio Baltar. Alén diso, esta proposta acolle outro reto como é o de contar, tamén, o proceso de construción do propio texto: as buscas, as investigacións, os diálogos que se mantiveron, os documentos atopados..., baixo o maxistral recurso a unha voz narrativa que, en segunda persoa, se dirixe á instancia do propio



Tertulias literarias

autor, e que nos amosa as dinámicas que xera a construción da novela: ese territorio onde todo se cuestiona, mesmo a natureza do traballo, e onde funcionan con exemplar operatividade unha sorte de epifanías que sobreveñen cando se escribe un libro, suxerindo por outro lado un elo fantástico que dialoga coa súa recente obra [*Dentro da literatura*](#): libro que non cansamos de recomendar como fundamental para entender a escrita do autor e as súas ideas literarias.



Ramón Baltar

Gustoume, asemade, esa ollada que describe as fotografías e o que estas amosan como a do funeral de Castelao en Rianxo; esa ollada na que repara en quen quedan, precisamente, “fóra de marco” e que polo xeral son as mulleres de toda a familia. Como esquecer, asemade, o desenvolvemento da tan descoñecida “Operación Termóphilas” destinada a atentar contra Franco ou a caída en 1947 da Unión de Intelectuais Libres (UIL), a concepción da práctica da medicina e da cirurxía onde aínda latexa un espírito solidario como se constata na axuda prestada, no sanatorio Baltar, aos combatentes da guerrilla.



Tertulias literarias

Falaba arriba de epifanías. Calquera lector ha ter as súas na lectura deste libro onde todo parece que se une como unha espiral infinita: entre outras, para min, radicou no reencontro coa escrita epistolar de Carmen Muñoz, a quen coñecín fugazmente na Coruña nos anos noventa. Suso de Toro, en fin, “cava no pasado” e “levanta fantasmas”, faino coa pericia do mestre e ofrece un resultado memorable. Novela absolutamente recomendable e cativadora.

<https://cadernodacritica.wordpress.com/2020/12/09/un-senor-elegante-de-suso-de-toro/>




Foto: Anxo Cabada

“Un señor elegante” de Suso de Toro (lecturafilia.com, 2021)

Hai vidas que ben merecen inspirar un libro, vidas enormes que superan calquera ficción. Vidas como a de Ramón Baltar, un home pertencente a una familia de médicos que se relacionaron intimamente con persoeiros do mundo da cultura, como Rosalía de Castro, Manuel Murguía ou Castelao e Dieste. Casualmente, con esa historia topou Suso de Toro, e tanto se obsesionou con ela que decidiu recrear parte da vida deste Baltar. O resultado é *Un señor elegante*, unha novela que serve de escusa para debater arredor do que foron os anos máis escuros da nosa historia, e ata que punto as persoas relacionadas co mundo cultural foron sometidas a moitas presións e a aldraxes. Aínda que aquí o protagonista é Ramón Baltar, Suso de Toro, posuidor dunha ampla bagaxe literaria e vital, aproveita a ocasión



Tertulias literarias

para reflexionar sobre a propia vida e a creación, e ata que punto unha se ve influída pola outra.

Un señor elegante pode lerse a modo de homenaxe póstuma a unha figura moi importante da nosa cultura da que pouco se escoitou falar, quizais porque aquí adoitamos ter ese mal costume de esquecer, de non ser quen de lembrar as figuras cun aquel de controversia. Mais quen foi Ramón Baltar? Segundo conta Suso de Toro nesta novela inmensa, a historia deste home comprometido coa profesión e coa Galiza foi chamando por el de forma insistente, de xeito que non puido máis que escribila, tirando do novelo da memoria propia e allea, e construindo sensacións a base dos recordos da familia e amizades, polo que resulta un exercicio do máis interesante, no que conflúen a creación coa recreación:

“Tanto chamaba que, logo de dous días nos que andou a remoer dentro miña, acabei por dicir en voz alta mentres baixaba as escaleiras da casa: ‘Teño que escribir esta historia’. Así que, como eses Baltares, tamén eu sentín que tiña un deber, o deber de contar iso. Faltaban persoas, faltaban voces, faltaba a memoria, pasaron os anos e todo se gasta; así e todo, intenteino facendo investigación”.



A familia Baltar. Antonio e Ramón (2º e 3ª desde a esquerda)



Tertulias literarias



Sanatorio Baltar. Principios s.XX.
Carreira do Conde. Santiago de
Compostela.

A confesión de Suso de Toro é moi emocionante, e tras esas palabras, embarcámonos neste libro que mestura xornalismo, historia e mesmo novela policiaca, de xeito que o devoramos sen poder parar. E é que a figura de Ramón Baltar, tan poliédrica e con tantos matices fai que esteamos diante dunha historia á altura da dos mellores heroes da ficción. E por exemplo a min, que sigo formándome humildemente na historia da Galiza, impactoume moito coñecer a Ramón Baltar e a toda a familia anterior, e saber das súas ligazóns con Castelao e coa cultura da época. Así mesmo, de Toro tamén se recrea no importante papel que xogou esta familia no campo da medicina, sobre todo pola súa vinculación ao Hospital Real de Santiago de Compostela, e ao seu amor cara a unha profesión caracterizada por salvar vidas no sentido máis estrito, e que os levou a querer

8

salvar vidas dende o ámbito máis sensorial e cultural.

A historia é, pois, moi necesaria nos tempos que vivimos xa que constitúe un testemuño importante dunha época que non debemos esquecer. A iso deberíamos engadir o seu valor literario, abalado sobre todo por esa capacidade do autor para confesar as inquedanzas propias e ligalas co pensamento de Baltar, ateigado de múltiples arestas e contradicións, expresadas por ese narrador que nos interpela directamente e que, ao mesmo tempo, conversa con ese Ramón Baltar que, despois de tanto tempo de investigación, xa é case coma un amigo. O exercicio da auto ficción está moi presente aquí, sen esquecer a deconstrución que o autor fai da historia dos Baltar dende o feminismo, apelando ás inxustizas sociais da época que levaron ás mulleres a non destacar, a pesar de ser tan importantes coma eses homes que acompañaron de forma servizal sempre.

“A ninguén lle importa xa saber de ti, todo o mundo olla cara a diante e así debe de ser, ademais nunca fuches unha figura pública como tantos amigos e coñecidos teus.

E entón que fago eu aquí agora? Por que me importa a min saber de ti, da túa vida ou o día en que morriches? É natural que os teus fillos queiran saber cousas dos seus avós ou dos seus pais, mais que fago eu a reconstruír con pedazos a túa figura, como un monstro de Frankenstein? Que traballo é este? Porque estou a facer este traballo? Porque es un ‘atorrante’? Pode ser, pode que me estea a sentir atraído por esa figura que marca a diferenza, que non se adapta, polo disidente que molesta. Sexa como for, non teño dúbida agora de que fixen moi miña esta historia túa”.

<https://lecturafilia.com/2021/04/07/un-senor-elegante-de-suso-de-toro/>



Tertulias literarias



Foto: Ricardo Cases

Entrevista con Suso de Toro

Por Manuel Ligeró (lamarea.com)

“Nunca me había pasado una cosa así”, confiesa Suso de Toro (Santiago de Compostela, 1956). Su última novela, *Un señor elegante* ([editada en castellano por Alianza](#)) va a reimprimirse pocos días después de su lanzamiento. En gallego ([publicada en noviembre por Edicións Xerais](#)) va por la cuarta edición. También se ha traducido al catalán, [en Més Llibres](#). El autor, un poco superado, encadena una entrevista de promoción tras otra. ¿Pero por qué esta historia ha llamado tanto la atención del público? Seguramente por la habilidad del escritor para transmitir su curiosidad por un personaje singular: el cirujano Ramón Baltar (1902-1981).

Antes de la novela, Baltar no pasaba de ser una celebridad local. Perteneciente a una importante saga de médicos gallegos, burgués por nacimiento, trató toda su vida de centrarse en su trabajo y de mantener un perfil bajo. Pero había otro Baltar, galleguista de convicciones profundamente republicanas, feroz antifranquista, colaborador con la guerrilla, cercano, si no ideológicamente, sí a la labor de resistencia y lucha del PCE. Fue lo que entonces se llamaba un “compañero de viaje”: opositores al régimen que apoyaron, con dinero y trabajo, a los que actuaban en la clandestinidad. Pero ese otro Baltar, el antifascista radical, permaneció siempre oculto por voluntad propia. Hasta ahora.



Tertulias literarias

De Toro, fascinado por el personaje, se sumergió en una investigación exhaustiva que ha tomado la forma de novela de no ficción y que ha cambiado, quizás para siempre, la percepción que la sociedad gallega tenía de este médico. Y eso no ha sentado bien a todo el mundo. “Soy consciente de que a partir de ahora Ramón Baltar, para miles de personas, ya es la imagen que construí yo”, comenta sobre su responsabilidad de escritor.

La novela de no ficción vive un momento dulce, especialmente gracias a autores franceses como Emmanuel Carrère o [Éric Vuillard](#). Desde el principio del libro usted se pregunta cómo abordar una novela de no ficción. ¿A qué conclusión ha llegado?

10

Creo que debe ser siempre un relato. Si no, no sería una novela. No se trata de levantar acta de los pasos dados. Durante la novela voy explicando el procedimiento, cómo voy conociendo al personaje. No era nuevo para mí. Planteé una novela anterior, *Siete palabras* (2010), de forma similar, contando mi investigación en Zamora sobre mi propia familia paterna, de la que conocía muy poco. Y en las dos voy contando tanto la historia como el proceso de escritura. En realidad, ese es un trabajo metaliterario, pero a mí lo que me interesa es la historia en sí. A quien lee le tienes que entregar un relato. Con sus personajes, su desarrollo en el tiempo, su trama... Eso es lo que llamamos novela. Para *Un señor elegante* la familia me proporciona anécdotas y papeles, pero yo tengo que interpretar y crear un relato. Y tenía que conocer a un personaje al que no conocí en vida. Tenía que levantarlo delante de mí. Hoy creo que sí lo conozco.



Suso de Toro (á dereita) forma parte da Comisión Cívica Ramón Baltar, recibida polo Presidente do Parlamento de Galicia, Miguel Ángel Santalices. Foto: Irene Martín



Tertulias literarias

¿Y la familia Baltar reconoce en ese personaje a su padre, a su abuelo?

Eso daría para otra novela sobre cómo fue la dialéctica entre los descendientes y el autor y cómo ellos van descubriendo al hombre que hay detrás del padre. Nosotros conocemos la imagen que nuestros padres nos dieron, pero hay otra imagen distinta para aquellas personas que, por ejemplo, trabajaron con ellos. Eso forma parte del juego de roles de la vida social. En este caso hubo testimonios que me llegaban que no coincidían con la imagen que los hijos tenían de su padre.

11



Ramón Baltar y Camilo José Cela

A pesar de esa disonancia, no se sentirán molestos, ¿no? Al fin y al cabo, Ramón Baltar aparece representado como un hombre íntegro a carta cabal, como se decía antes.

Esa es la impresión que puede tener usted o que puedo tener yo. Pero no funciona así para todo el mundo. Con algunos hijos he conseguido tener una verdadera amistad. Con otros no. Pero hay que entender que para ellos, que un desconocido como yo construya la imagen de su padre, es un acto de gran violencia. A partir de ahora Ramón Baltar, para miles de personas, ya es la imagen que construí yo. De alguna manera, les arrebaté a su padre. Los desposeí. Y alguno de ellos no acaba de reconocer a su padre, sobre todo en ciertos aspectos.



Tertulias literarias

¿En los más políticos?

Sí. En el compromiso político y en algunos actos. Para alguno de sus hijos, pensar en que su padre participó en un plan para matar a Franco es casi como asociarlo al terrorismo. Pero hay que situar las cosas en su contexto. Fue en los años cuarenta, una época en la que el régimen fusilaba gente todos los días. Con juicio y sin él. A Hitler no lo mataron los aliados porque se mató él, pero sí colgaron a sus generales. Y tendrían que haber colgado a Mussolini. Y también tendrían que haber matado a Franco. Para salvar vidas, claro que sí.

12



Pedro Martul Rey

Hay un momento de la novela, ya en los años setenta, que es tragicómico. Es cuando Ramón habla de Franco con su amigo Pedro Martul y le dice: “¿Pero este hombre algún día también se morirá, no?”. Y le contesta Martul: “O no”. Y no andaba tan desencaminado...

[Risas]. Efectivamente, el legado de Franco tiene proyección hasta hoy. Ha habido una continuidad jurídica, política, administrativa, económica... Los mismos poderes, las mismas familias, incluso los mismos apellidos. El final de la década de 1960 se vivió con mucha expectación debido a la enfermedad y a la vejez del dictador. “A ver si este año se muere”, se decía. Pero pasaba un año y luego otro, y no acababa de morir. Fueron años de mucha ansiedad. Y cuando por fin se murió, las estructuras del Estado y los EEUU, que habían visto la revolución democrática de Portugal, se apresuraron a tomar el control de la situación. Se marcaron una hoja de ruta para la Transición y la cumplieron a la perfección.

El Ramón Baltar que usted presenta en esos años es un descreído, pero en aquel entonces era muy difícil saber lo que iba a pasar. Era un momento crucial de la historia en el que había muchas ilusiones compartidas.

Ese es un rasgo fundamental en la construcción del personaje. Ramón vivió el triunfo del golpe en Galicia en 1936 y, a diferencia de lo que ocurrió en Madrid o en Catalunya, vio desde el primer momento lo que hicieron. Se vio obligado a servir como capitán médico en el bando de los generales nacionalistas. Luego vivió su expulsión de la Universidad. Aquella gente mandaba en todas las estructuras y en todos los aspectos de la sociedad. Ramón no se podía engañar. ¿Cómo podía creer alguien, que sabía perfectamente cómo era esa gente, que las propias Cortes franquistas aprobarían una ley para la reforma política y que de ahí iba a salir una democracia?

Lo creyó prácticamente todo el mundo. Solo más tarde se dieron cuenta del error.



Tertulias literarias

No. Yo mismo militaba desde los 17 años en una organización clandestina de carácter comunista y sabíamos que lo que se avecinaba era una serie de reformas cosméticas para que España siguiera siendo una colonia militar estadounidense y se apuntalaran las mismas estructuras económicas franquistas.

Tal y como usted lo cuenta parece que los opositores al régimen en el interior tenían una capacidad de diagnóstico muy superior a la de los exiliados, que después de tanto tiempo fuera soñaban con volver a una España democrática.

13

Entre los exiliados también hubo un desengaño. A principios de los años sesenta a muchos se les permitió volver de visita. Algunos incluso se quedaron. Y vivieron con una gran amargura en el interior.



Antonio Baltar

Eso me recuerda a Max Aub, que volvió a España en 1969 y se quedó muy desconsolado con lo que vio. No solo con la represión franquista sino con el conformismo de la gente.

Exactamente. Eso mismo está en el libro a través de la mirada de Antonio Baltar, el hermano de Ramón. Él se exilió en el 36 pero pudo volver de visita en los años cincuenta, con pasaporte diplomático. Y se vio prácticamente acorralado por la policía, así que tuvo que marcharse otra vez corriendo. Hasta dejó abandonado un coche en el puerto de Vigo. Luego vuelve una vez más, en los años sesenta, y ya es cuando teoriza y escribe sobre el exilio: el que vuelve a España encuentra un país distinto en el que se va a sentir extraño. Y eso lo cuenta con desolación.

¿Quizás Antonio no llegó a conocer las actividades políticas de Ramón y eso fue lo que los distanció?

Creo que la razón fue más personal. Tiene que ver, a mi parecer, con la relación profunda que hay entre hermanos dentro de una familia. El padre [Ángel Baltar] fue el fundador. Fundó un gran sanatorio, dirigió el Hospital Real de Santiago y era el gran cirujano de Galicia. Creó un pequeño reino, por así decir. ¿Y quién lo va a suceder al frente de ese reino? Las mujeres no, porque en aquella época y en una familia patriarcal tenían un papel secundario. Los dos hijos varones se forman como médicos pero el mayor, Ramón, también se hace cirujano y ya estaba operando junto al padre mientras el pequeño aún está



Tertulias literarias

estudiando. Ahí hay un conflicto entre el hermano mayor que hereda y el otro príncipe, que no tiene un lugar. Antonio no era tonto, él sabía que no iba a dirigir el sanatorio, pero creo que en el fondo sí lo deseaba. Mi interpretación es que Antonio estaba resentido.

Antonio tiene otra novela. Quizás incluso más aventurera.

Sí, la novela del exilio, pero no creo que fuera más aventurera. A mí me apasiona Ramón, quizás porque es muy distinto a mí. Antonio me resulta más familiar. Hay personajes que realizan actos de valentía siendo frágiles. En cambio, lo que impresiona en Ramón es su entereza. Un médico me llegó a contar que cuando Ramón entraba en una habitación la gente se ponía de pie. [Risas]. Me hizo gracia. Era otra época y otra sociedad, claro. Mucho más jerárquica que la actual. Ramón se formó primero en Alemania y luego en el frente de guerra. Creo que eso lo modeló, le dio un cierto aire militar, aunque era civil y era enemigo de los militares sublevados. Pero tenía esa presencia de autoridad.

Usted dice que tenía “el deber” de escribir esta novela. Y en la historia está siempre presente la “obligación moral” del protagonista. ¿Hasta qué punto es importante esta obligación moral en su oficio como escritor?

Sé que es imposible, pero trato de separar la creación literaria de los deberes éticos como ciudadano. A mí lo que me interesa aquí es la historia, que me parecía divertida y apasionante. Por supuesto, simpatizo con la ideología de aquellos republicanos, pero luego operan las leyes de la literatura. Y el afán de verdad, ya que no se trata de una novela de ficción. Es cierto que me fascina el protagonista por su dureza ética. Uno casi podría decir: “¿Qué haría Ramón en esta situación?”. Y sabes que Ramón haría lo correcto.

***Trece campanadas*, *Calzados Lola*, *Siete palabras* y también este *Un señor elegante* tratan de una búsqueda en el pasado casi detectivesca. ¿Sería esa una buena forma de definir su obra, la literatura entendida como el proceso de desvelar un misterio?**

El país de los fantasmas es el pasado. Un resorte que está en muchos de mis libros es efectivamente el de la investigación del pasado. Podría explicarse con el mito del descenso al Hades, el país de los muertos. Pero en esta novela el asunto es más complicado porque no se



Foto: Distrito Xermar



Tertulias literarias

trata de mis muertos, como en *Siete palabras*, sino de los muertos de otros. Esta familia tuvo mucho valor al ponerse en mis manos. Además, en todas las familias hay siempre una gran variedad ideológica. Por eso para algunos descendientes no es fácil aceptar que aquel abuelito, tan liberal y tan culto, colaboraba con el Partido Comunista y con la guerrilla.

Desde el punto de vista del compromiso político del escritor, ¿usted puede leer, por poner un ejemplo que conoce bien, a Torrente Ballester y hacerlo con placer?

Sí, sí. De hecho, siendo joven, la única vez que falté a trabajar en el negocio familiar fue por un despiste. Me quedé completamente embebido leyendo [*La saga/fuga de J.B.*](#)


15

¿Pero entonces ya conocía el pasado falangista de Torrente Ballester?

Vagamente. No tan en detalle. Pero yo lo seguía, por supuesto. No me perdía sus columnas en el suplemento del diario *Informaciones*. Fue años después cuando descubrí su implicación política en toda su dimensión, lo que me costó algún disgusto con su familia. Qué le vamos a hacer. Pero no tengo problemas en lo literario. Me pasa igual con Vargas Llosa. Lo he conocido y es un hombre muy correcto, muy delicado. Sus opiniones irritan pero es un intelectual honrado. Cree lo que defiende. Y escribe muy bien.

Hay quien dice que hay dos Vargas Llosa. El de derechas que escribe en la prensa, profundamente thatcherista y neoliberal, y otro más de izquierdas, el antiimperialista de *El sueño del celta* o el autor de *La fiesta del chivo*, crítico con las dictaduras latinoamericanas.

No creo que haya dos Vargas Llosa. Lo que creo es que su verdad profunda está en las novelas. Antes hablábamos de la novela de no ficción. Todas sus novelas están basadas en hechos reales que él vivió y que conoce muy bien: *La ciudad y los perros*, *La casa verde*, *Conversación en la catedral*, que es una maravilla... No inventa historias pero con esos materiales hace una gran literatura. Ahí está el Vargas Llosa íntimo, compasivo, comprensivo. El mejor Vargas Llosa. Ahí, en ese trabajo literario profundo, es cuando se acerca a los seres humanos. El otro, el de la prensa, quiere ser racional y entonces aparecen prejuicios de clase y tópicos políticos. Son ideas abstractas, vagas, que se le podrían haber ocurrido a cualquiera y que se repiten una y otra vez.





Tertulias literarias

Vivimos en un momento tan polarizado que es difícil escuchar a un escritor defendiendo a otro que está en sus antípodas ideológicas.

La literatura trata de “lo único”. No en el sentido filosófico. Me refiero a que trata de las cosas y las personas únicas. Hay que dejarle a la sociología, a la política o a la economía los criterios abstractos. Cuando Vargas Llosa escribe sobre una persona hace un trabajo radical de acercamiento y de conocimiento de esa persona. Y ese es el trabajo del escritor.

En cualquier caso, no me diga que no sería raro escuchar a un político del PP confesar públicamente su admiración por Suso de Toro.

Al acercarnos a otra persona de forma sincera, de buena fe, si tenemos algún prejuicio podemos incluso saltar por encima de él. Piense que se cae usted en la calle y que alguien le ayuda a levantarse. Usted está lastimado, se siente dolorido y humillado. Pero alguien ha sentido compasión y le ayuda con generosidad. Eso es lo esencial, esa es la verdad radical. ¿Y si esa persona es, por ejemplo, votante de Vox y tiene momentos en los que irradia odio hacia las mujeres, los homosexuales, los catalanes, los negros...? En ese momento, cuando le ayuda a usted, esa persona está sacando a relucir lo mejor de sí misma. La buena literatura tiene que ser capaz de recoger las dos cosas, el mal absoluto, del que hablaba Hannah Arendt, y también la bondad. Hay gente que cree que la gran literatura está en expresar cosas crueles. Bueno, eso está bien, es necesario. Pero yo creo que el gran literato es aquel capaz de expresar todos los registros. No solo quien es capaz de estetizar la violencia, lo cruel o lo despiadado. También la compasión.

En eso los rusos son insuperables.

Sí, porque los rusos manejan muy bien la emotividad. En la literatura sí cabe la emotividad. En la vida, no tanto. Aquí, en España, nos preciamos mucho de ser emotivos y eso no siempre es bueno. A lo mejor tu forma emocional de expresarte, ese “te lo digo porque me da la gana” o “porque yo soy así”, esa vehemencia, a mí me puede parecer egoísta, me puede hacer daño, puedo considerarlo una agresión. En la literatura, en cambio, debe tener cabida. Es un trabajo de oficio, consciente, reflexivo. Sin incorporar la emotividad, ¿cómo vas a conseguir la empatía de quien te lee?

<https://www.lamarea.com/2021/03/12/suso-de-toro-ramon-baltar-nunca-debemos-estar-con-quien-pega-gente-indefensa/>

